DOCENCIA



A Docencia é un dos pilares que sostén o futuro da sanidade e garante a adquisición de coñecementos fundamentais para reforzar a formación e habilidades dos profesionais, e integra na súa practica a simulación como ferramenta docencia. A Área Sanitaria de Ferrol dispón dunha Unidade de Docencia que forma, perfecciona e actualiza os profesionais de hoxe e do futuro.

Contamos con máis de 260 alumnos/as da formación pregrao, posgrao e formación sanitaria especializada que reciben cada ano formación en distintos Servizos da nosa Área, tanto no ámbito hospitalario como de Atención Primaria.

A nosa Área Sanitaria asinou convenios de colaboración coas Universidades de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña. Recibimos alumnos doutras Universidades nacionais e internacionais; e, tamén temos estreita colaboración coas Xerencias das distintas Áreas Sanitarias da Comunidade Autónoma e do resto de España

Colaboramos con programas do Servizo Galego de Saúde como o Atlantis Project, que consta de prácticas de curta duración nos meses de verán e inverno nos Servizos, que posibilitan a observación das diferentes técnicas, e que cada ano trae preto de trinta alumnos a formarse no noso Hospital.

Dende a Unidade de Docencia, facilítanse e convócanse axudas para as estancias e rotacións externas dos especialista en formación en distintos centros de prestixio tanto nacionais como internacionais.

Facilitamos e damos apoio metodolóxico e estatístico á investigación.

COMISIÓNS E SUBCOMISIÓNS DE DOCENCIA

- Comisión de Docencia CHUF
- Comisión de Docencia UDMAFeC
- Subcomisión de Docencia Enfermería FeC
- Subcomisión de Docencia Enfermería de Centro
- Subcomisión de Docencia da Unidade Multiprofesional de Saúde Mental

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS DESDE A UNIDADE DE DOCENCIA

- Acollida dos alumnos/as en prácticas e residentes.
- Planificación e xestión dos procesos de rotación de alumnos/as e residentes.
- Tramitación de rotacións externas e non externas dos residentes coas Unidades Docentes doutros Hospitais e Centros de Atención Primaria.
- Atención e axuda ós alumnos/as, residentes, titores e colaboradores docentes no referente a consultas, dúbidas e trámites requiridos durante a súa estancia e formación.
- Xestión dos Programas de Cursos: Común Complementario (PCC) e Específico Complementario (PEC) para residentes.
- Xestión e programación das Sesións Clínicas Xerais.

Estamos integrados na Rede de Comisións de Docencia de Galicia (REDEGA).

Traballamos nun Plan de Calidade Docente actualizado e en base a de rexistros, enquisas e resultados, o que leva a avaliación continua do propio Plan.

Investigadores/as
Persoal de xestión e servizos
Persoal licenciado sanitario
Persoal sanitario diplomado ou técnico

Quitar filtros

Ordenar

Sen agrupar 6

Buscar nesta sección...

Docencia Pregrao en Ferrol

Formación sanitaria especializada en Ferrol

Plan de xestión de calidade docente

Prácticas alumnos 6º Medicina USC

Prácticas de grao e máster

Videos dos Servizos da Área: A túa formación está aquí

Páxina 1 de 1 1

Elementos por páxina 20

Clasificación

Categorías:

- Temas, Docencia e Formación Continuada
- Colectivos, Profesionais
- Interésame, Son un profesional da saúde